




CLÁUSULAS SOCIAIS E MERCADOS RESERVADOS

Son ferramentas utilizadas polas administracións públicas á hora de contratar con terceiros. Con elas búscase favorecer unha contratación pública que atenda a criterios sociais e favoreza a inserción sociolaboral dos colectivos mais vulnerábeis, prevalecendo o interese social sobre o económica.



CLÁUSULAS SOCIAIS

Conxunto de condicións ou requisitos que se inclúen nos contratos públicos para fomentar e promover a creación de emprego entre as persoas en situación máis desfavorecida.

Implican a valoración positiva de certos criterios ou esixen a súa obrigatoriedade (ex: acreditar pola empresa contratista unha porcentaxe de persoas contratadas en risco de exclusión ou con discapacidade, exixir un tipo de empresa específica, como pode ser unha empresa de inserción ou un centro especial de emprego,...).

RESERVA DE CONTRATOS

Trátase dun campo de contratación pública onde só pode participar un determinado tipo de empresas (por exemplo, entidades de Economía Social) cun tratamento diferenciado do resto. Soe ser de pequena dimensión (entre o 3% e o 5% do volume de contratación total da Administración).

A Administración cede unha parte do mercado a entidades que teñen por obxecto a integración sociolaboral, co fin de facilitar o cumprimento dos seus obxectivos. Lembremos que no noso país a contratación pública supón entre o 13% e o 15% do PIB (o 16% na UE).

SOPORTE LEGISLATIVO

- Directiva 2004/18/CE de 31 de marzo de 2004 do Parlamento Europeo e o Consello sobre procedementos de adxudicación de contratos públicos de obras, fornecementos e servizos
- Constitución Española, artigo 40
- Tribunal Constitucional, Sentenza 23/05/1997 “A administración non está obrigada a aceptar o mellor prezo, senón a oferta máis favorable para o interese público”
- Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público
- Lei de 15/2010 de 28 de decembro de medidas fiscais e administrativas de Galicia, artigo 35 que establece unha reserva de contratos a centros especiais de emprego e empresas de inserción.



VANTAXES

Os primeiros beneficiados son as persoas que acceden ao emprego, pero ademais, supoñen unha rendibilidade en distintos planos: público, produtivo, empresarial e comunitario.

É unha ferramenta complementaria de outras actuacións de inserción laboral, multiplica os seus efectos e mellora considerablemente a súa eficacia.

Para as persoas pertencentes a colectivos desfavorecidos	<ul style="list-style-type: none">- Significa unha oportunidade de acceso ó emprego- Favorecen a autoestima, a responsabilidade e a dignidade das persoas nestas situacións.- Adquisición de habilidades sociolaborais que permiten a súa incorporación ao traballo normalizado.- A capacitación e formación profesional.- Acceso ó sistema de prestacións da Seguridade Social, subsidios, desemprego, xubilación, ...
Para as administración públicas	<ul style="list-style-type: none">- Facilitan novas ferramentas de inserción aos servizos sociais que melloran a capacidade das súas políticas.- Reducen o gasto público (Subsidios, rendas mínimas, subvencións,...) e xeran ingresos á Facenda Pública (cotizacións á Seguridade Social, IVE, IRPF, IS,...)
Para as entidades de economía social	<ul style="list-style-type: none">- Fomenta a cohesión social: inserción laboral e loita contra a exclusión.- Impulsa o desenvolvemento local.- Potencia ao Terceiro Sector como xerador de emprego.- Proporciona mercado, traballo e contratos en vez de subsistir en base a subvencións e axudas.
Para o conxunto da sociedade	<ul style="list-style-type: none">- Implican ao resto de empresas na consecución dos obxectivos sociais e na contratación de persoas pertencentes a colectivos en risco ou situación de exclusión (desenvolvemento da Responsabilidade Social das empresas).- Sensibilizan á sociedade sobre a inclusión social.- Facilitan o aumento da taxa de ocupación, descenso do desemprego, aumento da renda das familias, o consumo e polo tanto o PIB e a riqueza nacional.